



FICHA ISAD(G) DO CONCELLO DE VIGO

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.1
Título	CONCELLO DE VIGO
Datas	1578-2014
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	5.700 metros lineais aproximadamente en soporte papel

2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Concello de Vigo (1836-)
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	<p>O Concello de Vigo está situado no suroeste de Galicia, pertencendo administrativamente á Provincia de Pontevedra. Limita no norte co Concello de Redondela, polo leste cos concellos de Mos e do Porriño, polo sur cos concellos de Gondomar e Nigrán, e polo oeste co Océano Atlántico e a Ría de Vigo.</p> <p>Este termo municipal ten orixe na Idade Media, período na que a organización territorial de ámbito local baseábase nos coutos, xurisdicións e vilas.</p> <p>A partir do século XVI, no Antigo Réxime, a organización territorial vaise desenvolvendo en base a tres niveis: un Reino-Provincia, as sete provincias, e a subdivisión destes en coutos e xurisdicións que, a súa vez, estarían compostas por parroquias. Neste período, Vigo pertencía á Provincia de Tui.</p> <p>No Catastro de Ensenada (1749) veñen referenciadas as seguintes territorialidades: o señorío de Valadares baixo a soberanía do Marqués que pon nela o xuíz ordinario e o mordomo pedánea; a xurisdición de Bouzas, composta por cinco parroquias e pertencente ao señoría do Bispado de Tui, quen nomeaba a un xuíz ordinaria e contaban cun escribán e rexedores; Fragoso, composto por catorce parroquias sendo o señorío do seu concello; e Vigo que só comprendía dúas parroquias e pertencía ao señorío do Arcebispado de Santiago. Contaba cun xuíz xeral, un presidente do concello, seis rexedores, seis deputados de abastos, dous procuradores xerais e un secretario do concello.</p> <p>Co cambio de Réxime e a instauración do liberalismo establecéronse os concellos constitucionais aínda que de forma intermitente debido aos sucesivos períodos absolutistas e liberais do primeiro terzo do século XIX. A altura de 1813, no Partido Xudicial de Tui estarían encadrados os concellos de Bouzas, Fragoso, Lavadores, Valadares e Vigo. Posteriormente, en 1820, no repartimento que fai a Deputación Única de Galicia</p>



aparecen citados os concellos de Bouzas, Cabral, Lavadores, Teis, Valadares e Vigo, todos eles incluídos no Partido Xudicial de Vigo. En 1822 realízase a división de Galicia en catro provincias constituíndose a efémera Deputación da Provincia de Vigo conformada por 11 partidos xudiciais. A esta altura mantiñanse os concellos de Bouzas, Cabral, Teis, Valadares e Vigo. Finalmente, e tras a aprobación da división provincial de Javier de Burgos en 1833 e a aprobación do RD do 23 de xullo de 1835, estableceríase a nova planta dos concellos constitucionais da provincia na que constaban os tres concellos que acabarían unificándose no actual Concello de Vigo: o Concello de Bouzas conformado por nove parroquias (Bouzas, Coia, Alcabre, Comesaña, Matamá, Navia, Coruxo, Oia e Saiáns); o Concello de Lavadores composto por sete parroquias (Lavadores, Candeán, Cabral, Bembrive, Beade, Valadares e Zamáns); e o Concello de Vigo que abranguía seis parroquia (Santa María de Vigo, Santiago de Vigo, Teis, Freixeiro, Castrelos e Sárdoma).

Tras a publicación da nova planta en 1836 existirían algunhas reclamacións para modificar a composición destes concellos. En 1837, Teis e Candeán queren segregarse e conformar un concello propio. En 1842 serán as parroquias de Freixeiro e Castrelos os que soliciten a segregación e a conformación como concello. En 1844, Valadares e Zamáns piden segregarse do Concello de Lavadores e conformarse como concello propio. Nese mesmo ano, os veciños de Teis pedirán segregarse do Concello de Vigo e integrarse en Lavadores, do que formarán parte tras a aprobación do RD do 11 de xaneiro de 1846. Posteriormente, tras a Revolución de 1868, a Xunta Revolucionaria de Vigo acorda disolver os concellos de Bouzas e Lavadores e integralos en Vigo aínda que esta integración ficou sen efectos ao pouco de se producir.

Non obstante, a integración destes dous concellos acabaría producíndose no século XX. Bouzas sería o primeiro, integrándose de forma efectiva o 5 de outubro de 1904 de conformidade á Lei de Cortes do 30 de abril dese mesmo ano. Así e todo, esta integración tería un precedente coa anexión da parroquia de Coia ao Concello de Vigo anos antes. Pola súa parte, o Concello de Lavadores sufriría unha segregación dentro do seu termo municipal. Neste caso sería a parroquia de Teis a se conformarían como concello durante un breve lapso de tempo (1935-1936). Finalmente, e tras o acordo do Consello de Ministros do 27 de marzo de 1941 o Concello de Lavadores sería anexionado ao Concello de Vigo dando por finalizada a evolución territorial desta administración local.



	<p>Xa que logo, o actual concello de Vigo é froito dunha longa evolución que deu lugar á maior cidade de Galicia en número de habitantes. Ten unha superficie de 106 km cadrados e dezasete parroquias administrativas: Alcabre, Beabe, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Illas Cíes, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Valadares, Vigo e Zamáns. As parroquias históricas de Bouzas, Coia, Freixeiro, San Paio e San Xoan do Monte non teñen esta consideración dado que foron integradas na parroquia administrativa de Vigo.</p>
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	<p>O fondo documental do Concello de Vigo é produto da actividade administrativa desenvolta por esta entidade local ao longo do tempo.</p> <p>O fondo documental presenta importantes perdas documentais debido a diversas incidencias catastróficas como o incendio que afectou a casa consistorial en 1851. Ademais, a falta de espazo nos seus depósitos, os diferentes emprazamentos nos que estivo depositado e outros acontecementos e dinámicas propias da Institución provocaron a fragmentación e dispersión dos fondos.</p> <p>Derivado destes sucesos podemos observar unha organización atípica xa que o fondo do Concello foi “mutilado”, estruturándoo en “fondo histórico” e “arquivo novo”. O primeiro foi estruturado en “seccións” reproducindo a organización da Institución. Cada unha das seccións foi tratada separadamente adxudicándolle un número de sinatura correlativa para cada unha delas. O “arquivo novo” foi depositado por cada unha das dependencias ou servizos do Concello atribuíndolle unha numeración correlativa a cada un os expedientes administrativos.</p> <p>Actualmente, o fondo do Concello, ao igual que o resto da documentación depositada no Arquivo, está a ser reorganizado mediante unha nova clasificación, descrición e catalogación.</p> <p>Por outra parte, existe un grande volume documental sen organizar, clasificar, describir e catalogar nas diferentes dependencias da Institución por falta de espazo nos depósitos documentais</p>
Forma de ingreso	<p>Por transferencia directa ao arquivo ao remate da súa tramitación administrativa e coincidindo co seu escaso uso administrativo. Non se transfire nova documentación desde o ano 2005 debido á falta de espazo nos depósitos documentais.</p>
3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA	
Alcance e contido	



Valoración, selección e expurgo	<p>Actualmente, estase a desenvolver políticas de expurgo de conformidade á normativa legal vixente co obxectivo de maximizar o limitado espazo dispoñible nos depósitos. As series sobre as que se procederá a realizar seleccións negativas, polo momento, son:</p> <ul style="list-style-type: none">> Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (1934-1956 / 1977-2005)> Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos (por determinar)
Novos ingresos	<p>Non se esperan novos ingresos pola falta de espazo nos depósitos documentais que impiden a recepción e localización de novas unidades de instalación.</p>
Organización	<p>O fondo está actualmente fragmentado en base a dous criterios de clasificación. Por unha parte, está o denominado "arquivo histórico" que dispón dunha organización e clasificación orgánica, isto é, agrupado en función do servizo ou dependencia produtora. Dentro desta categoría podemos encontrar documentación de cultura, da alcaldía, de urbanismo, de transportes, de eleccións, de cemiterios, de sanidade, de beneficencia etc. cunha numeración e sinaturización propia e correlativa.</p> <p>Por outra parte, podemos mencionar o denominado "arquivo novo" que foi depositado por cada unha das dependencias ou servizos do Concello atribuíndolle unha numeración correlativa a cada un os expedientes administrativos recibidos.</p> <p>Actualmente, o fondo está sendo obxecto dunha reorganización en base a un criterio funcional reunificando toda a documentación nun único fondo cun único cadro de clasificación e asignando sinaturas correlativas a cada unidade de instalación sen distinguir os servizos ou departamentos produtores. Esta reorganización coincide coa posta en marcha da Administración electrónica e, concretamente, co arquivo electrónico único. Como resultado deste proceso obterase un fondo documental unificado, sen distinción do soporte da documentación, organizado nun cadro de clasificación funcional normalizado e empregado para todos os concellos da Provincia. Este organizase en tres grandes áreas correspondentes aos grupos de funcións que, á súa vez, está dividido catorce funcións. Dentro destas hai 134 divisións de funcións e 1024 series documentais nas que se integrarán os procedementos administrativos. A estrutura básica é a seguinte:</p> <p>CADRO DE CLASIFICACIÓN</p> <p><u>1.- ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN</u></p> <p>1.1.- ACCIÓN E ÓRGANOS DE GOBERNO</p> <p>1.2.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN ADMINISTRATIVA</p>



- 1.3.- CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA E ASISTENCIA TÉCNICA.
- 1.4.- RECURSOS HUMANOS.
- 1.5.- PATRIMONIO
- 1.6.- RECURSOS ECONÓMICOS E FINANCEIROS

2. ADMINISTRACIÓN

- 2.1.- URBANISMO, OBRAS E MOBILIDADE
- 2.2.- SUSTENTABILIDADE E MEDIO AMBIENTE
- 2.3.- ORDENACIÓN E PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

3. XESTIÓN DOS SERVIZOS E DA POBOACIÓN

- 3.1.- POBOACIÓN, ELECCIÓN E QUINTAS
- 3.2.- SERVIZOS CULTURAIS, DEPORTIVOS E DO LECER
- 3.3.- SERVIZOS PARA A EDUCACIÓN.
- 3.4. SERVICIOS PARA O BENESTAR E A SAÚDE SEGURIDADE E PROTECCIÓN CIDADÁ

Actualmente xa están clasificadas, organizadas e descritas baixo este novo criterio funcional boa parte das series a seguir, entre outras:

- > Libros de actas de sesións do Pleno
- > Expedientes de sesións do Pleno
- > Libros de actas de sesións da Comisión Municipal Permanente
- > Expedientes de sesións da Comisión Municipal Permanente
- > Libros de actas da Comisión de Goberno
- > Expedientes de sesións da Comisión de Goberno
- > Expedientes de sesións da Xunta de Goberno Local
- > Mocións presentadas en Plenos
- > Rexistros de documentos (entrada e saída)
- > Bandos, Edicto e Anuncios
- > Decretos e Resolucións
- > Correspondencia da Alcaldía

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

Condicións que rexen o acceso	Documentación de carácter público, de consulta libre agás as limitacións legais derivadas das respectivas normativas vixentes.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán / Galego
Características físicas e requirimentos técnicos	Documentación en soporte papel na súa totalidade. Apréciense notables perdas documentais. Estase a traballar na inclusión dos expedientes electrónicos.



Instrumentos de descrición	Índices en soporte papel. Catálogo informatizado en proceso de elaboración
5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA	
Existencia e localización de orixinais	Non se coñece a existencia de orixinais fóra do arquivo municipal.
Existencia de localización de copias	Non se coñece a existencia de copias, agás naquela documentación derivada dun proceso de colaboración con outras administracións (eleccións, padróns de habitantes e de impostos...).
Unidades de descrición relacionadas	Pola realidade administrativa do eido local podería atoparse documentación moi directamente relacionada co concello e as súas actividades en arquivos doutras administracións do seu ámbito xeográfico, especialmente no Arquivo da Deputación Provincial e no Arquivo Histórico Provincial.
Nota de publicación	
6.- ÁREA DE NOTAS	
Notas	
7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN	
Notas do arquivreiro	Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivreiro	Primeira versión: Xullo de 2020
Regras ou normas	General International Standard Archival description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Xullo de 2020
Estado de elaboración	Final
Nivel de detalle	Parcial
Idioma	Galego
Fontes	Web municipal: https://hoxe.vigo.org/?lang=gal#/ Publicacións: Fariña Jamardo, Xosé (1987): <i>O nacemento dos axuntamentos da Provincia de Pontevedra</i> , Pontevedra, Deputación Provincial. Fariña Jamardo, Xosé (1990): <i>Os concellos galegos (parte xeral)</i> , A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

**ARQUIVO
MUNICIPAL**

**CONCELLARÍA DE
CONTRATACIÓN, PATRIMONIO
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



González Fernández, Juan Miguel (2019): *Os Concellos e os Alcaldes de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudos Vigueses.